

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME ESPECIAL núm. P09-AE-0015/10 presentada pola entidade promotora INVERSIONES GIL-REG, S.L.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME ESPECIAL núm P09-AE-0015/10

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

PARCELA II - BLOQUE 4 – 11ºD e 11ºG - SAN PAIO DE NAVIA - VIGO

Forma de acceso: **Compra**

Estado de execución: **Rematada. Usada.**

Número e tipoloxía das vivendas:

2 vivendas Tipo da quenda xeral (90 m²) 3 dormitorios

Prezo de aluguer:

Vivenda Tipo + Garaxe + Rocho: 224.666,53 €

Forma de pago:

20% á sinatura do contrato privado de compra-venda. 80% á sinatura da escritura pública.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos ou que teñan solicitude de inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

Contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Asdo.: José Manuel González González

